



## ANUNCIO

**LISTAXE DE DEFINIIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DE REALIZACION DA VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADA NO GRUPO A, SUBGRUPO A-1**

Mediante Resolución Alcaldía de data 04/09/2018 se ditou o seguinte acto administrativo cuxo contido é o seguinte:

**LISTAXE DE DEFINIIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DE REALIZACION DA VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADA NO GRUPO A, SUBGRUPO A-1**

### **Antecedentes:**

Logo de finalizar o prazo de presentación de alegacións a lista provisional de admitidos no proceso de selección para a formación dunha lista de reserva para a provisión interina dunha praza de Técnico de Administración Xeral, encadrada no grupo A, subgrupo A-1, que foi convocado mediante resolución de Alcaldía de data 26/06/2018, ser presentaron as seguintes alegacións:

- 1.- Dona Guadalupe Perez Gonzalez (n.r.e. 2018-E-RC-6841), pola cal presenta a declaración responsable debidamente asinada.
- 2.- Dona Sara Novegil Arosa (n.r.e. 2018-E-RC-6966), presentada previamente no rexistro da Xunta (con data 01/08/2018), pola que presenta a titulación esixida.
- 3.- Dona Aida Riobo Fernandez (n.r.e. 2018E-RC-6968), presentada previamente no rexistro da Xunta (con data 30/07/2018), pola que presenta copia do DNI.
- 4.- Don Raúl Vila Rodriguez (n.r.e 2018-E-RC-7045), presentada previamente no rexistro do Concello de Vigo (con data 01/08/2018), pola que presenta a declaración responsable.
- 5.- Dona Ana Robles Gomez (n.r.e. 2018-E-RC 6961), presentada previamente na oficina de correos de Arbo (con data 31/07/2018), pola que presenta a titulación esixida.
- 6.- Dona Nerea Garrido Montenegro (n.r.e. 2018-E-RC-6971), presentada previamente no rexistro da Xunta (con data 30/07/2018), onde a interesada alega:

- Que dentro de "equivalentes" debería entenderse como un termino que da cabida as novas titulacións. que dende o ano 1986 irromperon no panorama de estudos universitarios. Indicando que a limitación as titulacións contidas no artigo 169.2 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, non se adecua a realidade, atentando contra o dereito de acceso a función pública en condicións de igualdade e de conformidade cos principios de mérito e capacidade. Sinalando asemade que o Estatuto Básico de Empregado Público estipula que para o grupo A, se esixirá estar en posesión do título universitario de Grado.

-Que a titulación é admitida nos procesos selectivos de Habilitados nacionais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros, citando asemade a sentenza de 24 de setembro de 2002 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional (procedemento ordinario 1/2002), confirmada por Sentencia de 22 de marzo de 2006 da Sala do Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo (recurso de casación 7792/2002), que estableceu



EXCMO. CONCELLO DE TUI

que estas prazas *"están abertas a los graduados, en Dirección y Gestión Pública al ser considerada como titulación equivalente.*

- Que a o temario recollido nas bases específicas da praza coincide co plan de estudos da titulación de graduado en Dirección e Xestión Pública.

- Que a titulación de graduado en Dirección e Xestión Pública foi admitida coma titulación adecuada para procesos de Técnico de Administración Xeral nos Concellos de A Coruña e no Concello de Vimianzo.

7.- Con data 04/09/2018 emitese informe pola Técnico de Administración Xeral da unidade de persoal en relación a alegación de Dona Nerea.

#### **Fundamentos xurídicos:**

1.- O artigo 100.2 da lei 7/1985 de Bases do Réxime local, dispon que é competencia do Estado, a través da actividade regulamentaria, establecer as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección e formación de tales funcionarios, e os títulos académicos requeridos para tomar parte nas probas selectivas, así como os Diplomas expedidos polo Instituto de Estudos de Administración Local ou polos Institutos ou Escolas de funcionarios establecidos polas Comunidades Autónomas, complementarios dos títulos académicos, que podan esixirse para participar nas mesmas.

2.- En virtude desta facultade o artigo 169.2 do Real Decreto Legislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), indica que acceder a Subescala Técnica de Administración Xeral se precisará estar en posesión *"del título de Licenciado en Derecho, en Ciencias Políticas, Económicas o Empresariales, Intendente Mercantil o Actuario"*. Normativa básica segundo o estipulado na Disposición final sétima do mesmo texto legal.

Polo tanto, a non inclusión da titulación de Grado en Dirección e Xestión Pública nesta convocatoria é consecuencia da peculiar regulación contida no TRRL, que limita o acceso a Subescala Técnica de Administración Xeral as titulacións indicadas, e se axusta o principio de legalidade consagrado no artigo 9.3 da Constitución.

3.- A aparición de novas titulacións universitarias nos últimos anos non tivo polo momento a correspondente adaptación regulamentaria por parte da Administración do Estado.

4.- Polo que respecta a xurisprudencia invocada pola aspirante nas súas alegacións, indicar en primeiro lugar, a sentenza do 24 de setembro de 2002 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional (procedimiento ordinario 1/2002), confirmada pola Sentenza de 22 de marzo de 2006 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (recurso de casación 7792/2002), se refire a praza de habilitados nacionais, que pertencen a outro Corpo ou Escal e para as cales a Lei non establece unha titulación específica e determinada.

En segundo lugar a sentenza de 15 de abril de 2011 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (recurso de casación 2273/2009) que se refire a unha impugnación de Relación de Postos de Traballo referente a Xefaturas da Área e Asesoría Técnica, nos centros directivos de Obras Públicas e Transportes Provinciais, e Planeamento Urbanístico, Xestión e Execucións de Plans, sentenza na que non se discute un caso similar o plantexado, e as normas que regulan os requisitos de acceso non son aplicables o proceso selectivo alegado.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

5.- A interesada tamén alega o alto número de temas da oposición que son analizados na titulación. Nembargantes o proceso selectivo o tratarse dun concurso de méritos non dispon de temario vinculado.

6.- A interesada tamén alega o feito de que o Concello de Vimianzo e o Concello de A Coruña, admitan a titulación para acceso a procesos selectivos de Técnico de Administración Xeral.

En relación o alegado, o feito de que outras administracións, nunha interpretación *contra legem* al menos o marxe da normativa mais arriba indicada, permitiran a inclusión da titulación, non quere dicir que esté permitido, xa que a lei non foi modificada en tal sentido, e outras moitas Entidades Locais tampouco a contemplan.

Esta Alcaldía no uso das facultades outorgadas pola lexislación vixente,

#### **RESOLVE:**

1.- Estimar as alegación presentadas por Dona Sara Novegil Arosa, Dona Guadalupe Pérez Gonzalez, Dona Aida Riobó Fernández, Dona Ana Robles Gómez e Don Raúl Vila Rodriguez.

2.- Desestimar a alegación presentada por Dona Nerea Garrido Montenegro, dado que a titulación de Graduada en Dirección e Xestión Pública non é unha titulación válida para concorrer a convocatoria e polos seguintes motivos, mais desenrolados nos fundamentos xurídicos:

- Compete a Administración do Estado, regulamentariamente, establecer as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o proceso de selección de tales funcionarios.

- No artigo 169.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (normativa básica o amparo da disposición final sétima do mesmo texto) se detallan concretamente as titulacións precisas para acceder a procesos selectivos de prazas clasificadas na Subescala Técnica da Administración Xeral.

3.- Aprobar a listaxe de persoas admitidas e excluídas do proceso de selección arriba indicado, de acordo coa seguinte relación:

- Admitidos:

<b>Apelidos e nome</b>	<b>DNI</b>
Agrafojo De Santiago Laura	**827H
Alonso Rodríguez M <sup>a</sup> Mercedes	**365W
Chapela Gallego M <sup>a</sup> Dolores	**695W
Cruz Lorenzo M <sup>a</sup> Eugenia	**954E
Davila Barba Susana María	**068C



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Diéguez Collazo José Ramón	**656C
Fernández Guntín Margarita	**508B
Freitas Rodríguez Clara	**648J
García Sánchez Guillermo	**128S
Hermida Colín Beatriz	**464D
Maneiro Liñares Alberto	**789H
Mesías Martínez Silvia	**618N
Munaiz Alonso Mercedes	**286Z
Novejil Arosa Sara	**991M
Ortíz Blanco Alba	**590H
Otero Domínguez Beatriz	**578M
Otero Oitavén Alba María	**437D
Pérez González Guadalupe	**325Y
Pintos Comesaña Javier	**959B
Piñeiro Rodríguez Miriam	**835W
Piñón Cajide M <sup>a</sup> Isabel	**660T
Riobó Fernández Aida	**505P
Robles Gómez Ana	**000M
Rodríguez González Graciela	**674L
Rodríguez Ramos Noelia	**573W
Serpa Alonso M <sup>a</sup> Isabel	**855X
Silva Caballero Anna Vanessa	**939E
Varela Carballude Eulalia	**036J
Vila Rodríguez Raúl	**361R
Villar Iglesias Patricia	**517F

- Excluídos e causa de exclusión:

Apelidos e Nome	DNI	Causa de exclusión
Ermo Sanches Daniel	**010V	Non presenta a declaración responsable
Garrido Montenegro Nerea	**413H	Non presenta a copia da titulación esixida no artigo 4.c



EXCMO. CONCELLO DE TUI

		das bases do proceso selectivo.
Vizcaya Vázquez Mónica	**495L	Non presenta a copia da titulación esixida no artigo 4.c das bases do proceso selectivo.

4.- Designar ó tribunal que estará formado polas seguintes persoas:

- Presidente: \* M<sup>a</sup> Ángeles Domínguez Ramos
  - \* Natalia Franco Fernandez (suplente)
- Vogais: \* Elisa Marqués Parrilla
  - \* Pilar Fernández Alonso (suplente)
  - \* Francisco Javier Antoñon Clemente
  - \* Miriam Bujan Garrido (suplente)
  - \* Javier González López-Mosquera
  - \* Aitor Iglesias Monzón (suplente)
- Secretaria: \* M<sup>a</sup> Amalia González Solla
  - \* Alejo Ordoñez Mendez (suplente)

5.- Convocar, ó tribunal para a súa constitución e realización da valoración dos méritos o mercores, día **05 de setembro de 2018** ás **08:30** horas nas dependencias do Concello, sito en Praza do Concello nº 1 36700 Tui.

6.- Darlle traslado desta resolución, a unidade de persoal e o Pleno da Corporación, na próxima sesión que se celebre.

7.-Contra o presente acordo poderá interperse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.
- **Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Tui a data segundo sinatura electrónica

O Alcalde, Carlos Vazquez Padín